

SECRETARIA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



RESOLUCIÓN EXPEDIENTE NÚMERO 1074/400

O día 13/12/2024 a técnica de administración xeral emitiu o seguinte Informe Proposta de resolución:

INFORME RELATIVO O HORARIO DE PECHE NOS LOCAIS DE OCIO NOCTURNO NAS FESTAS DO NADAL 2024 NO ÁMBITO DAS COMPETENCIAS DA XMU.

En resposta ás solicitudes recibidas nos últimos días relativas a ampliación de horario nos locais de ocio nocturno da cidade de Vigo con motivo da celebración nestes establecementos das noites de Fin de Ano e Reis, emítase o seguinte informe:

Segundo o disposto nos artigos 8 e 9 da Orde da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo publicada no DOG nº219 de 30.10.2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos o público así coma o inicio e fin dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, os Concellos poderán, o amparo do artigo 5.f da lei 10/2017 de 27 de decembro, ampliar para todo o seu termo municipal ou para zoas concretas do mesmo, os horarios xerais de peche dos establecementos abertos o público durante a celebración de festas e verbenas populares. Dita ampliación, en aplicación do artigo 9.4 da citada orde, será de un máximo de dous horas e deberá resultar compatible, en todo caso, coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.

Coa finalidade de dar unha resposta unitaria e conxunta as solicitudes presentadas e as que puideran achegarse nos vindeiros días, **dende o punto de vista urbanístico**, nada impide que os establecementos de ocio e actividades recreativas abertos o público do noso Concello **que contén con título habilitante para o exercizo da actividade**, amplíen en dúas horas o horario **no interior dos mesmos** as noites do 31/12/2024 ao 01/01/2025 e do 05/01/2025 ao 06/01/2025 sen perxuízo da competencia que puidera corresponder a outros departamentos deste Concello.

COMPETENCIA

De conformidade cos artigos 143.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, 127.1.e) da vixente LRBR, e acordo de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local de data 04/07/2023, é competente para resolver a petición a Concelleira delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda

CONCLUSIÓN

De conformidade cos antecedentes e fundamentos transcritos, fórmase á Concelleira Delegada da Área de Urbanismo...”

De acordo con esta proposta,

RESOLVO:

SECRETARIA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



Informar favorablemente dende o punto de vista urbanístico e en aplicación do disposto no artigo 9.4 da Orde da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo de 30.10.2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, a ampliación en 2 horas o horario xeral de peche dos mesmos nas noites do 31/12/2024 ao 01/01/2025 así coma do 05/01/2025 ao 06/01/2025.

A presente resolución cínquese exclusivamente aos establecementos de ocio e actividades recreativas abertos o público do noso Concello que contén con título habilitante para o exercizo da actividade, e sen perxuízo da competencia que puidera corresponder a outros departamentos deste Concello.

No lugar da sinatura dixital

Concelleira delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda

(Acordo XGL 04.07.2023)

María José Caride Estévez

DOU FE

Secretario da XMU

(Acordo de 23.10.2023)

José Villán Fuertes